

# ACTAS DEL XIII CONGRESO INTERNACIONAL ASOCIACIÓN HISPÁNICA DE LITERATURA MEDIEVAL

(Valladolid, 15 a 19 de septiembre de 2009)

IN MEMORIAM  
ALAN DEYERMOND

## I

Editadas por  
José Manuel Fradejas Rueda  
Déborah Dietrick Smithbauer  
Demetrio Martín Sanz  
M<sup>a</sup> Jesús Díez Garretas



VALLADOLID  
2010

© Asociación Hispánica de Literatura Medieval, 2010

© Los autores, 2010

*Reservados los todos derechos. Prohibida la reproducción parcial o total por cualquier medio, salvo para citas, sin permiso escrito de los propietarios del copyright*

Publicado por el Ayuntamiento de Valladolid y la Universidad de Valladolid

Ni el Ayuntamiento de Valladolid, ni la Universidad de Valladolid (UVa) ni la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (AHLM) ni los editores son responsables de la permanencia, pertinencia o precisión de las URL externas o de terceras personas que se mencionan en esta publicación, ni garantizan que el contenido de tales sitios web es, o será, preciso o pertinente.

Edición realizada dentro del proyecto de investigación VA46A09 financiado por la Junta de Castilla y León.

Ilustración de la cubierta de María Varela

ISBN 978-84-693-8468-8

D.L. VA 951-2010

Impreso en España por  
Valladolid Artes Gráficas

**“E EI END’ EU MUI GRAN PESAR”:  
O GRAN PESAR NO LÉXICO DO SUFRIMENTO  
AMOROSO  
DA LÍRICA GALEGO-PORTUGUESA\***

ANTONIO AUGUSTO DOMÍNGUEZ CARREGAL  
*Universidade de Santiago de Compostela*

A lírica profana galego-portuguesa destaca dentro do panorama da literatura na península ibérica por ter sido a primeira en adaptar a nova poesía cortés que xurdira no sur de Francia a unha expresión peninsular. A aportación da poesía occitana a ese novo canon vai máis alá da teoría da *fin’amors* e do código feudal, xa que con estes chegan tamén unha serie de novos termos que podemos organizar en campos léxicos.

Respecto á poesía occitana, na lírica galego-portuguesa destaca cun maior peso o campo léxico do sufrimento amoroso, protagonista de boa parte das cantigas de amor. Aparte da *coita*, termo caracterizante deste grupo, destacan outros, como *afan*<sup>1</sup>, *pena*<sup>2</sup> ou *pesar*, do que nos ocuparemos nesta comunicación.

---

\* O presente traballo realizouse no marco de actividades englobadas no programa de bolsa de FPI vinculada ao proxecto HUM2005-01300, “El vocabulario de los trovadores gallego-portugueses en su contexto románico” do Ministerio de Educación e Ciencia, financiado con fondos FEDER.

<sup>1</sup> Antonio Augusto Domínguez Carregal, “O uso de *afan* na lírica galego-portuguesa”, *Pola mellor dona de quantas fez nostro Senhor: homenaxe á profesora Giulia Lanciani*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2009, páxs. 153-168.

<sup>2</sup> Idem, “Un verso de Johan Soarez de Pavia e a adaptación do modelo poético occitano”, *Actas do Coloquio sobre Vocabulario Trobadoresco, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 20-21 de outubro de 2008* [no prelo] e “¿Es *pena* un castellanismo en gallego-portugués? Revisando un comentario de Menéndez Pidal”, *IX Congreso de la AJILHE, 2-4 abril 2009* [no prelo].

## ETIMOLOXÍA

Nunha primeira busca de información, podemos comprobar que *pesar* é un termo patrimonial da lingua. Así, Machado<sup>3</sup> xa o rexistra no seu dicionario, e dá como etimoloxía o latín PENSĀRE (frecuentativo de PENDERE), localizando os primeiros exemplos no século XIII e tamén chamando a atención para o seu dobre uso, como verbo e substantivo. Corominas<sup>4</sup> confirma a antiguidade do termo -aducindo que é xeral a todas as épocas e a todos os romances, aparecendo en castelán xa no *Cid*<sup>5</sup>- e destaca tamén a orixe semiculta da parella *pesar* ‘medir o peso, sopesar’ / *pensar* ‘avaliar, pesar mentalmente’. Meyer-Lübke<sup>6</sup> rexistra así mesmo a partir do étimo PĒNSARE os significados de ‘pesar, presionar, pensar’ para todas as linguas románicas.

Bloch e Wartburg<sup>7</sup>, comentando o caso do francés, fan unha interesante observación: “*n devant s tombant normalement et pe(n)sāre étant représenté par peser, la forme penser n’est explicable que comme venant de la langue écrite*”, e de seguido resalta que a forma PENSARE se rexistra xa desde o século VI co sentido actual de ‘pensar’<sup>8</sup>. Así pois, vemos que a existencia dese par de resultados, un popular e outro culto, remonta a tempos antigos, xa que Ernout e Meillet<sup>9</sup> rexistran a acepción ‘pesar mentalmente’, ‘evaluar’ xa en latín, e afirman que a forma clásica PENDERE é substituída na época imperial polo denominativo PĒNSŌ, -ĀS, desenvolvido a partir de PĒNSUM:

<sup>3</sup> José Pedro Machado, *Dicionário etimológico da língua portuguesa, com a mais antiga documentação escrita e conhecida de muitos dos vocábulos estudados*, Lisboa, Livros Horizonte, 1995<sup>7</sup>, vol. IV, páxs. 354-5, ‘pesar; apreciar; avaliar, comparar; contrabalançar, pagar; compensar; trocar; comprar; resgatar, expiar’.

<sup>4</sup> Juan Corominas, José Antonio Pascual, *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, Madrid, Gredos, 6 vols., 1980-1991 (=DCECH), vol. IV, páxs. 503-504.

<sup>5</sup> Ver Ramón Menéndez Pidal, *Cantar de Mio Cid – texto, gramática y vocabulario*, II, Madrid, Espasa-Calpe, 1969, 4ª ed., s. v. *penssar ó pensar* ‘intentar formar ánimo de hacer algo’; *pesar* ‘tener peso, causar dolor’, de PĒNSĀRE, páxs. 793-796.

<sup>6</sup> Wilhelm Meyer-Lübke, *Romanisches etymologisches Wörterbuch*, Heidelberg, Carl Winter, 1972<sup>5</sup> (=REW), § 6391. *pēnsare* 1. „wiegen”, 2. „drücken”, 3. „denken”.

<sup>7</sup> Oscar Bloch, Walter von Wartburg, *Dictionnaire étymologique de la langue française*, Paris, Presses Universitaires de France, 6e ed., 1975, pág. 474.

<sup>8</sup> A referencia intégrase no dicionario a partir da nota de Veikko Väänänen, “Quelques notes marginales au Bloch-Wartburg 4e édition”, en Georges Straka (ed.): *Mélanges de linguistique et de philologie romanes offerts à Monseigneur Pierre Gardette* (= *Travaux de Linguistique et de Littérature* 4, 1), Strasbourg, CNRS, 1966, páxs. 481-483, a partir dunha referencia de Albert Blaise, *Dictionnaire latin-français des auteurs chrétiens*, Strasbourg, Le latin chrétien, 1954.

<sup>9</sup> Antoine Meillet, Alfred Ernout, *Dictionnaire étymologique de la langue latine: histoire des mots*, Paris, Klincksieck, 1985, 4e édition, 4e tirage augm. d’additions et de corrections nouvelles par Jacques André, páxs. 494-495.

PENDŌ, PĒNSUM se prennent souvent au sens de “peser mentalement, évaluer, estimer” [...] PĒNSUM a fourni un dénominateur PĒNSŌ, -ĀS qui a tous les sens de PENDERE, auquel il se substitue à l’époque impériale, comme ses composés ont supplanté ceux de PENDŌ.

*Pensar e pesar* proveñen, pois, dun mesmo étimo. A partir do sentido físico de ‘calcular o peso’, o termo adquire unha nova carga semántica pola metáfora do ‘calcular, medir o peso emocional, sopesar’, xa desde antigo; o mantemento do grupo culto -NS- na lingua escrita dá pé á especialización de significados, un de carácter mental e outro de carácter emocional -aparte do significado inicial de ‘medir o peso’-, en case todas as linguas románicas, menos no occitano. Nesta lingua, existe variación ortográfica entre as formas *pensar e pesar*, que en moitos casos chegan a ser homónimos, permitindo unha *aequivocatio*. Como di Pierre Bec<sup>10</sup>, analizando o adxectivo *pesansa*:

8. *Pesansa*: “souci, chagrin”; noyau sémique *pes-* “poids” (cf. *infra*: *greu*, *grevansa*). Variante verbale: *pesar* ou adjectivale: *pesansos*, *pesanz*. Ces lexèmes sont fondamentaux dans l’énoncé douloureux de la *fin’amor*. [...] Il faut noter ici le jeu des variantes phonétiques (*peess-/pens-*), avec des termes-clefs comme *peessat*, *pensa*, *pensament*, *pes*, qui entrent à la fois dans la constellation associative de *pesar*, *pesansa* (noyau sémique *pes* “poids”) et dans celle de *pensar* “penser, être soucieux d’amour” (cf. ci-après *coessire*). Ce jeu sur une virtualité sémique à deux termes n’était pas pour déplaire aux troubadours et ce retour à la motivation étymologique (ou son maintien) montre qu’il s’agit bien, en l’occurrence, d’une même valorisation sémique des deux radicaux *pes-* et *pens-*. [...] L’ambiguïté poétique est patente avec *pes* (“poids / pensée”), surtout lorsque le terme est en expansion sémantique avec un adjectif tel que *mal*. Il est alors particulièrement délicat de discriminer si le *mal pes* relève de la *pesansa* (constellation sémique du tourment) ou du *pensament* (constellation sémique du *coessire*).

Esta homonimia tan grata aos trobadores occitanos<sup>11</sup> non se dá noutras linguas románicas, como destaca o mesmo Bec para o caso do francés<sup>12</sup>. Tampouco será posible empregar ese mesmo xogo asociativo no caso da lírica galego-portuguesa, ou polo menos non exactamente do mesmo modo. Neste caso, vaise aproveitar outra posibilidade de homonimia que sí existe na lingua,

<sup>10</sup> Pierre Bec, “La douleur et son univers poétique chez Bernard de Ventadour”, *Cahiers de Civilisation Médiévale*, XI, 1968, páxs. 545-571, páxs. 555-6.

<sup>11</sup> Glynnis M. Cropp, *Le vocabulaire courtois des troubadours de l’époque classique*, Genève, Droz, 1975, s. v. *pezansa*, *pezar*, páxs. 294-296, destaca a mesma cuestión expresada por Bec: “Il est difficile de distinguer d’entre les termes provençaux dérivés du verbe latin *pensare*, ‘peser’, ceux qui expriment l’oppression et ceux qui expriment la contemplation. Il s’agit des lexèmes à base de *pens-*, *pes-* (que les dictionnaires de Raynouard et de Levy rangent sous la même rubrique) et *pez-*. [...] Profitant toutefois de cette imprécision sémantique, les troubadours ont pu ainsi fondre deux thèmes qui étaient déjà étroitement associés, à savoir l’oppression et la méditation. [...] Mais, en fin de compte, malgré cette distinction, il n’y a pas de solution de continuité entre la peine soufferte et la pensée qui s’afflige.”

<sup>12</sup> Bec, *La douleur*, pág. 555, nota 46: “Cette ambiguïté est impossible dans la lyrique d’oïl, les deux radicaux (*pes-er*, *pois-e* / *pens-er*, *pens-is*) étant cairement différenciés”.

entre o verbo e o seu substantivo deverbais, *pesar* / *o pesar*. De feito, vemos nas cantigas numerosos exemplos de uso das dúas formas (tamén as formas conxugadas do verbo) tanto como variación estilística como a modo de intensificador progresivo do contido da mesma.

Esa riqueza expresiva tamén causa un inconveniente no momento de traballar os exemplos: como dixemos antes, o termo *pesar* é un dos máis importantes numericamente dos que conforman o campo léxico do sufrimento amoroso, e a variación morfolóxica aumenta a complexidade do rexistro de todas as formas; polo tanto, decidimos limitar a nosa análise ao uso dunha estrutura que permita a desambiguación entre as dúas formas. No caso do substantivo, o máis lóxico é buscar un modificador nominal que o distinga da forma de infinitivo. Así pois, seleccionamos para o presente traballo a estrutura *gran pesar*, pola súa maior frecuencia no conxunto de textos.

### OCORRENCIAS<sup>13</sup>

Existe un certo equilibrio na distribución da fórmula *gran pesar* entre os diversos xéneros da lírica profana galego-portuguesa<sup>14</sup>, cunha certa predominancia das cantigas de amor, que pasaremos a analizar de seguido.

### CANTIGAS DE AMOR

Neste xénero<sup>15</sup>, é frecuente que os textos expresen o gran pesar que os trobadores provocan ás damas polo seu namoramento, cousa que lles é molesta:

<p>Par Deus, senhor, sei eu mui ben ca <i>vos faço mui gran pesar</i> de que vos sei tan muit' amar. (Vasco Fernandez Praga de Sandin, 151,13, I, 1-3)</p>	<p>Tan grave dia vos eu vi, senhor; tan grave foy por mi e por vós , que tan <i>gram pesar</i> avedes de que vos am' eu!</p>
--	--

<sup>13</sup> Todos as ocorrencias están citadas a partir de *Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa (MedDB)*, versión 2.1, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, <<http://www.cirp.es/>>, [06/10/09]. A numeración das cantigas segue a proposta de Giuseppe Tavani, *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*, Roma, Edizioni dell'Ateneo, 1967, corrixida puntualmente.

<sup>14</sup> Das 78 cantigas nas que aparece esta frase nominal, 39 son cantigas de amor, 30 son cantigas de amigo, 8 de escarnio, así como unha aparición nun texto interpolado tardiamente (37,1, *Do Port'ando e vou mudar*, de Fernand'Eanes) que non levaremos en consideración.

<sup>15</sup> Para unha interesante revisión dos temas da cantiga de amor e a súa evolución cronolóxica, ver Mariña Arbor Aldea, "Voz e voces na lírica profana galego-portuguesa: de Airas Moniz a Afonso Sanchez", *La lirica romanza nel Medioevo – Storia, tradizioni, interpretazioni. Atti del VI convegno triennale della Società Italiana di Filologia Romanza*, Furio Brugnolo, Francesca Gambino, coords., Padova, Unipress, 2009, páxs. 531-558.

Ca, mia senhor, sempre vos ben querei,  
e aquestas gentes que son aqui  
teen que *vos faço gran pesar i*;  
e eu tenh’ ora, e sempre terrei,  
mui guisado de vos fazer pesar,  
se vos pesa de vos eu muit’ amar.  
(Joan Airas, 63,72, III)

(Airas Engeitado, 12,4, I, 1-4)  
*A mia senhor gran pesar á*  
de que lhe quer’ eu mui gran ben,  
e a min gran coita m’ én ven;  
mais pero *de fazer ei ja*  
*a mia senhor mui gran pesar*,  
ca lhe pesa de a amar.  
(Vasco Gil, 152,4, II)

O pesar tamén pode ter unha orixe directa, cando o namorado lle di explicitamente á dama que a quere:

Pesar dizer, e mal dia naci,  
porque *vus fui dizer tan gran pesar*,  
(Pero Gomez Barroso, 127,10, III, 1-2)

Por outra banda, a falta de correspondencia do sentimento amoroso pode causarlle pesar ao poeta, como podemos observar en Don Denis e Johan Airas:

Se é, senhor, porque vos sei amar  
mui mais que os meus olhos, nem ca mi  
e assi foi sempre des que vos vi;  
*pero sabedes que ei gram pesar*  
*de vós amar*, mais nom poss’ al fazer;  
e porem vós, a quem Deus nom fez par,  
nom me devedes i culpa pōer.  
(25,114, II)

Senhor fremosa, vejo-vos queixar  
por que vos am’, e *no meu coração*  
*ei mui gram pesar*, se Deus mi perdom,

porque vej’ end’ a vós aver pesar,  
e quera-m’ em de grado quitar,  
mais nom posso forçar o coração,  
(25,117, I)

*Tan grave m’ é, que non atendo ja*  
*de vós senon mort’ ou mui gran pesar*,  
e grav’ é a vós de vos eu coitar;  
pero, senhor, direi-vos quant’ i á:  
se vos grave é de vos eu ben querer,  
tan grav’ é a mí, mais non poss’ al fa-  
zer. (63,73, III)

O *gran pesar* está asociado á visión da *senhor* en varios textos englobados neste xénero<sup>16</sup>, como nesta cantiga de Juião Bolseiro:

Ay mha senhor, todo ben mh-a mi fal,  
mays non mi fal gram coyta, nen cuydar,  
*des que vos vi, nen mi fal gram pesar*,  
(85,4, I, 1-3)

Ou no caso contrario, á falta de visión da mesma:

Senhor fremosa, sy veja prazer,  
*poys vos non vi, ouvi tan gram pesar*  
que nunca mi Deus d’ al prazer quis dar;  
como podestes tanto mal sofrer?  
(Martín Perez Alvin, 96,6, I, 1-4)

<sup>16</sup> Tamén en 79,48 (*Senhor e lume destes olhos meus*, de Johan Soarez Coelho), 143,18 (*Se om’ouvesse de morrer*, Roi Fernandez), 25,96 (*Quen vos mui ben visse, senhor*, de Don Denis), 44,1ter (*Des que vus eu vi, mia senhor, me ven*, Fernan Gonçalvez de Seabra) e 43,5 (*Meu sennor Deus, venno-vus eu rogar*, de Fernan Garcia Esgaravunha).

A visión tamén pode aparecer asociada á audición, sexa porque oír a dama provoca a coita do trobador, sexa porque ela non só ve o seu *pesar* senón que tamén llo sente expresar:

Como me Deus aguisou que vivesse  
em gram coita, senhor desque vos vi!  
ca logo m' el guisou que vos oi  
falar, desi quis que er conhocesse  
o vosso bem a que el nom fez par;  
e tod' aquesto m' el foi aguisar  
ental que eu nunca coita perdesse.

E tod' est' el quis que eu padecesse  
por muito mal que me lh' eu mereci,  
e de tal guisa se vingou de mi;  
e com tod' esto nom quis que morresse,

porque era meu bem de nom durar  
*em tam gram coita nem tam gram pesar;*  
*mais quis que tod' este mal eu sofresse.*  
(Don Denis, 25,23, I-II)

Muito per á ja gran sazón  
*que mia senhor mui gran pesar*  
*non oiu,* pois me fez quitar  
d' u ela é, ca des enton  
nulh' omen non lh' ar disse ren  
senon con que lhi fosse ben.  
(Fernan Rodriguez de Calheiros, 47,14, I)

Aínda dentro das cantigas relacionadas co sufrimento causado pola visión da dama, merece destaque o xogo intensificador establecido polo uso consecutivo de varios termos deste mesmo campo léxico, como podemos ver abaixo:

Senhor, *o gran mal e o gran pesar*  
*e a gran coita e o grand' affan*  
-pois que vus vos non doedes de mi,-  
que por vos soffro, morte m' é, de pran,  
e morte m' é de m' end' assi queixar!  
Tan grave día, senhor, que vus vi!  
(Johan Soarez Coelho, 79,49, I)

Ou o caso desta cantiga de amor algo sarcástica, na que o trobador se estraña de xa non ter morrido de amor:

*Os que mui gram pesar virom,* assy  
com' eu vejo da que quero gram ben,  
porque sey eu ca morreron por én,  
maravilhado me faço per mi;  
poys todo vejo quanto recehey,  
como non moyro, poys a morrer ey?  
(Roi Paez de Ribela, 147,11, I)

Outro tema frecuente nas cantigas de amor é a ausencia da dama, que pode causar pesar, tanto pola súa partida

Ir-vus queredes, mia senhor,  
*e fiqu' end' eu con gran pesar,*  
(Nuno Fernandez Torneol, 106,10, I, 1-2)

A esta coita nunca eu par vi:  
desejo morte, pero vivo assy,  
per bõa fe, *a gran pesar de min;*  
e direy vos que me mais quebranta:  
desejo morte que sempre temi,  
Por que se foy a Raynha franca!  
(Pero Garcia Buralés, 125,1, II)



como polo afastamento a que se ve obrigado o poeta<sup>17</sup>:

Que grave m’ est ora de vos fazer,  
senhor fremosa, un mui gran prazer,  
ca me quer’ ir longi de vós viver,  
e venho-vos, por esto, preguntar:  
*¿que prol á a min fazer-vos eu prazer  
e fazer a min, senhor, gran pesar?*  
(Johan Airas, 63,64, I)

E mha senhor mh’ a faz saber  
e o seu muj bon parecer  
e Deus, que m’ en faz alongar  
por *viver sempr’ en gran pesar*  
de mjn, e por perder o sen  
com aver a viver sen quen  
sei eu ben no meu coraçõn.  
(Fernan Garcia Esgaravunha, 43,20, III, 5-  
7, IV, 1-4)

Ou mesmo causar a morte do poeta<sup>18</sup>:

E mia vida nona devo chamar  
vida, mais mort’, a que én eu passei  
sen mia senhor, ca nunca led’ andei  
*e non foi vida, mais foi gran pesar;*  
por én saben quantos no mundo son:  
os dias que viv’ ome sen pesar  
dev’ a contar que viv’ e outros non.  
(Johan Airas, 63,63, II)

Com’ ome que ensandeceu,  
sennor, *con gran pesar que viu*  
e non foi ledõ nen dormiu  
depois, mia sennor, e morreu:  
ay, mia sennor, assi moir’ eu!  
(Pay Soares de Taveiros, 115,3 II)

E pois eu vir, senhor, *o gran pesar  
de que sey ben que ei mort’ a prender,*  
con mui gram coyta averey a dizer:  
“Ay Deus, por que me van assy matar?”  
(Afonso Fernandez Cebolhilha, 3,7, III, 1-4)

Tamén merece destaque este caso de subversión da morte por amor:

Estranho mal e estranho pesar  
é oje o meu de quantos outros som  
no mundo ja, poys *a mha senhor non  
praz que eu moyra, mais quer que assy  
aj’ a viver a gram pesar de min.*  
(Johan Mendiz de Briteiros, 73,4, I, 1-5)

A posibilidade de perder a dama definitivamente tamén causa un *gran pesar* ao trobador, sexa porque casa (115,7, *Meus ollos, quer vos Deus fazer*, de Pai Soares de Taveirós, e 88,15, *Senhor fremosa, oy eu dizer*, de Lourenço), ou porque “filha orden”, isto é, ingresa nun convento (140,4, *Preguntei ùa dona en como vos direi*, de Rodrigu’Eanes de Vasconcelos):

Meus ollos, quer vos Deus fazer  
ora *veer tan gran pesar*  
onde non me poss’eu quitar  
sen mort’, [...]

<sup>17</sup> Tamén nas cantigas 81,12 (Johan Vasquiz de Talaveira, *Muito ando triste no meu coraçõn*), 133,5 (Pero Mendiz da Fonseca, *Senhor fremosa, vou-m’alhur morar*) e 101,8 (Men Rodriguez Tenoiro, *Quant’á, senhor, que m’eu quitei*).

<sup>18</sup> Tamén en 72,17 (Johan Lopez de Ulhoa, *Se eu moiro, be’-no busquei!*) e 50,3 (Fernan Velho, *Meus amigus, muyto mi praz d’Amor*).

Ca vos faran cedo veer  
a por que eu moiro, casar,  
(115,7, I, 1-4, II, 1-2)

Por outro lado, a dama pode causar ledicia ao poeta, xa que o gran pesar que el sofre cando a namorada se afasta vese compensado polo seu reencontro:

*De gram coyta faz gram lezer*  
Deus, per quant' eu entend' e ssey,  
*e de gram pesar gram prazer,*  
e direy-vos por que o sey,  
ca vi mha senhor d' aquend' ir  
e ora vejo-a viir.  
(Roy Fernandiz, 143,3, I)

E esta coyta 'n que eu viv' assi,  
nunca en parte soube mha senhor,  
e vou vivend' a *gran pesar d' amor,*  
e direy ja por quanto viv' assi:  
falan-me d' ela, e ar vou-a veer,  
e ja quant' esto me faz ja viver.  
(Johan Garcia de Guilhade, 70,27, II)

Dentro da tradición, debemos destacar dous casos particulares. No primeiro o trobador evita identificar a súa amada, aínda que as tres posibles candidatas o presionen, xa que, como afirma na primeira fiinda, se o fai,

E elas van me *gran pesar dizer,*  
non que lles nunca prol non á d' aver,  
por que destorvan min de meu coidado.  
(Pero Garcia Burgalês, 125,43)

O segundo texto, de atribución dubidosa, é un ataque contra Amor<sup>19</sup>:

Quando me nembra o prazer,  
amigos, que ouve e perdi  
per Amor, pois mia senhor vi,  
*con gran pesar ei a dizer:*  
ao demo acomend' Amor  
e min, se d' amar ei sabor!  
(157,62, III)

## CANTIGAS DE AMIGO

En comparación coas cantigas de amor, o papel dos protagonistas da cantiga de amigo é moito máis variado, xa que a namorada pode cobrar un papel activo ao recoñecer explicitamente que lle causa *pesar* ao amigo<sup>20</sup>:

<sup>19</sup> Para a personificación de Amor, ver Ana Espírito Santo, "A pessoa do amor na cantiga de amor galego-portuguesa", *Actas del XI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (León, 20-24 de septiembre de 2005)*, Armando López Castro, María Luzdivina Cuesta Torre, coords., León, Universidad de León, 2007, páxs. 511-522.

<sup>20</sup> Para a 'coita do amigo', ver Elvira Fidalgo, "A coita do amigo (para unha nova perspectiva da amiga)", *Actas do congreso o mar das cantigas*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998, páxs. 189-212. Na pág. 194 a autora afirma que, contrariamente ao que di Tavani, os comportamentos dos protagonistas masculino e feminino das cantigas de amor e amigo non

Falei un día, por me baralhar  
con meu amigo, con outr’ u m’ el visse  
e direi vos que lhi dix’ u m’ el disse  
*por que lhi fezera tan gran pesar*:  
“Se vos í, meu amigo, pesar fix,  
non foi por al se non por que me quix”  
[...]  
Ali u eu con outr’ ant’ el falei  
preguntou m’ el: *e porque lhi fazia  
tan gran pesar* ou se o entendia?  
e direi vos como me lh’ i salvei:  
“Se vos í, meu amigo, pesar fix,  
non foi por al, se non por que me quix”  
(Johan Soraez Coelho, 79,21, I, III)

Bem entendi, *meu amigo*,  
*que mui gram pesar ouvestes*  
quando falar nom podestes  
vós noutro día comigo;  
mais certo seed’, amigo,  
que nom fui o vosso pesar  
que s’ ao meu podess’ iguar.  
(Don Denis, 25,18, I)

Temos tamén un curioso exemplo no que a amiga busca un punto de equilibrio na súa actitude cara ao namorado:

O meu amig’, amiga, *nom quer’ eu  
que aja gram pesar nem gram plazer*,  
e quer’ eu este preit’ assi trager  
ca m’ atrevo tanto no feito seu  
ca o nom quero guarir nem o matar,  
nem o quero de mi desasperar.  
(Don Denis, 25,61, I)

E casos nos que a doncela é a que sofre o *pesar*, causado principalmente pola ausencia do amigo<sup>21</sup>:

Quand’ eu soby nas torres sobe’ lo mar  
e vi onde soya a bafordar  
o meu amig’, amigas, *tam gran pesar  
ouv’ eu enton por ele no coraçom*,  
(Gonçal’Eanes do Vinhal, 60,13, I, 1-4)

Non perdi eu, meu amigo, des que me de vós parti,  
do meu coraçom gram coita nem gram pesar, mais perdi  
quanto tempo, meu amigo,  
vós non vivestes comigo.  
(Juião Bolseiro, 85,15, I)

Por nulha ren non me posso guardar  
que non morra ced’ eu *con gran pesar*;  
e, amigas, quand’ él aquí chegar,  
non sabha per vós qual mort’ eu prendí,  
cá, sse souber com’ eu por él morrí,  
será muy pouca sa vida dés í.  
(Johan Airas, 63,30, II)

son espellados, isto é, o namorado da amiga non será altivo como unha senhor e vice-versa, xa que haberá unha variación maior de rexistros.

<sup>21</sup> Constitúen casos especiais as cantigas 127,12 (Pero Gomez Barroso, *O meu amigo, que é com el rei*) e 63,78 (Johan Airas, *Vay meu amigo morar con el Rey*), que aluden ao motivo da distancia do amigo por acudir xunto ao rei, e un segundo grupo de cantigas nas que o amigo debe deixar a compañía da amiga e polo tanto cáusalle un *gran pesar*, como en 101,4 (Men Rodriguez Tenreiro, *Ir-vos queredes, amigo, d’aquem*) e 77,16 (Johan Servando, *Ir-vos queredes*). Tamén a cantiga 65,3 (Johan de Cangas, *Fui eu, madr’, a San Momed’, u me cuidei*) alude ao *pesar*, neste caso porque o amigo non acudiu á romaría na que a amiga esperaba encontralo.

Outra serie de cantigas alude ao xogo cortés visto desde a perspectiva feminina, referíndose á recusa da muller en atender os rogos amorosos dos trobadores e as súas consecuencias, como causar *pesar* ao cabaleiro e a morte por amor; e, cando a petición amorosa é correspondida, o *pesar* que se pode causar ás doncelas que disputan a atención do mesmo galán:

*Quiso-m' oj' un cavaleiro dizer,  
amigas, ca me queria gram ben,  
e defendi-lho eu, e ùa ren  
sei, per quant' eu i d' el pud' aprender,  
tornou mui trist' e eu ben lh' entendi  
que lhi pesou por que lho defendi.*

Falava migu' e quiso-me falar  
no mui gram ben que m' el diz ca mi quer  
e dixi-lh' eu que non lh' era mester  
de falar i, e *el con gran pesar*  
*tornou mui trist' e eu ben lh' entendi*  
*que lhe pesou por que lho defendi.*  
(Men Tenoiro, 101,10, I, III)

Por que lhi dixi que nunca veher  
me poderia, quis por én morrer,  
e fuy alá e achey-o jazer  
sen fala já, e *ouv' én gram pesar,*  
e falei-lh' e ouve-mh' a conhocer,  
e diss': "Ouvi hũa dona falar".  
(Pedr' Amigo de Sevilha, 116,34, II)

*Loar-mi-á muito, e chamar-mi-á "senhor",  
ca muit' á gran sabor de me loar;  
a muitas donas fara gran pesar,  
mais el fara, com' é mui trobador,  
un cantar en que dira de min ben;  
ou o fara, ou ja o feito ten.*  
(Johan Airas, 63,47, II)

Ou o reverso da moeda, ou sexa, a falta de fidelidade amorosa por parte do amante, que rompe a base de sustentación da relación sentimental trobadoresca<sup>22</sup>:

Mai-lo amei ca min nen outra ren,  
des que o vi, e *foi m' ora fazer*  
*tan gran pesar que ouver' a morrer,*  
mais eu, sandia, que lhe fiz por en?  
non soub' eu al en que me d' el vengar,  
se non chorar quanto m' eu quis chorar.  
(Johan Garcia, sobrinho de Nun'Eanes, 69,1,  
II)

*Fez-m' el chorar muyto dos olhos meus  
con gran pesar que m' oje fez prender,  
quand' eu dixi: "Outro m' o ouvira dizer!"*  
Ay mhas amigas, se mi valha Deus!  
se m' el quisesse como soia,  
ja 'gora, amigas, migo seria.  
(Johan Garcia de Guilhade, 70,36, III)

*Disseron mh ora de vós ùa ren,  
meu amigo, de que ei gran pesar,  
mais eu mho cuido mui ben  
melhorar,  
se eu poder, e poderei mui ben,  
ca o poder, que eu sempre ouvi, m'  
ei,  
e eu vos fiz e eu vos desfarei*  
(Johan Perez d' Aboim, 75,5, I)

Curiosa é a queixa da amiga nunha cantiga de Johan Airas (63,80) na que di que ten *gran pesar* porque sempre que busca falar co amigo alguén o sabe, non coma as demais parellas que son capaces de gardar o seu segredo de amor.

<sup>22</sup> Mesmo que o amigo a abandone, a amiga pode decidir perdoalo, como en 150,7 (Sancho Sanchez, clérigo, *Que mui gran torto mi fez, amiga*).

Parte da complexidade das cantigas de amigo reside no feito de que poden aparecer nos textos varios personaxes en contacto coa protagonista femenina. Dentre estes, un dos máis destacados é a presenza da madre, que nos seguintes exemplos exerce un papel de protectora da filla, provocando con isto o sufrimento do amigo<sup>23</sup>:

Ai, madr’, o que eu quero ben  
non lh’ous’ eu ante vós falar  
*e á end’ el tan gram pesar*  
que dizem que morre por en,  
(Johan Soarez Coelho, 79,3, I, 1-4)

Sacade me, madre, destas prijoēs, ca non  
avedes de que vos temer  
- Filha, ben sei eu vossos coraçōes, ca non  
quer’ én *gran pesar atender*  
(Pedr’Amigo de Sevilha, 116,7, fiindas)

Sej’ eu, fremosa, *con mui gran pesar*  
*e mui coitada no meu coraçōn,*  
*e choro muit’ e faço gran rason,*  
par Deus, mia madre, de muito chorar  
por meu amigu’ e meu lum’ e meu  
ben,  
que se foi d’ aqui, ai madr’, e non  
ven.  
(Pero d’Armea, 121,15, I)

Outro dos elementos que soe acompañar o *gran pesar* da namorada é a *sanha*<sup>24</sup>:

Meu amigo, *pois vós tan gram pesar*  
*avedes de mi vos eu assanhar,*  
por Deus, a quen m’ assanharei,  
amig’, ou como viverei?  
(Vasco Fernandez Praga de Sandin,  
151,7, I)

Ai virtudes de santa ermida,  
*con gran pesar fez aquesta ida*  
*o meu amigu’ e ten-se por morto*  
*e, se s’ assanha,* non faz i torto  
o meu amigu’ e ten-se por morto.  
(Martin de Ginzo, 93,2, II)

E non sse pod’ alongar, eu o sei,  
dos que migo falan, nen encobrir,  
que lhis eu non fale en al, pera oyr  
en mi falar, *e ja me lhi ensanhei,*  
*porque o fez, e nunca el mayor*  
*pesar oyo,* mays non pod’ al fazer;  
mays esso pouco que el vyvo for  
farey-vo’ lh’ eu o que m’ el faz sentir.

*E sabe Deus o pesar que end’ ey,*  
*mays non sse pode de mui gram pesar*  
*guardar,* senon que x’ end’ el quer guardar,  
mays senpre m’ eu d’ atal preyto guardey

<sup>23</sup> Sobre o papel da madre nas cantigas de amigo, ver Paulo Roberto Sodr , *Cantigas de madre galego-portuguesas. Estudo de x neros das cantigas l ricas*, Santiago de Compostela, Centro Ram n Pi eiro para a Investigaci n en Humanidades – Xunta de Galicia, 2008, especialmente o apartado 4.1, “A madre gardadora”, p xs. 106-121.

<sup>24</sup> Para o motivo da *sanha* na l rica galego-portuguesa, ver Rip Cohen, “Dan a jur dica. I: A po tica da sanhuda nas cantigas de amigo. II: 22 Cantigas d’Amigo de Johan Garcia de Guilhade: vingan a de uma sanhuda virtuosa”, *Col quio/Letras*, CXLII (outubro-dezembro 1996), p xs. 5-50, e Mar a Del Carmen V zquez Pacho, “A *sanha* nas cantigas de amigo”, *Actes Del VII Congr s de l’Associaci  Hisp nica de Literatura Medieval (Castell  de La Plana, 22-26 de setembre de 1997)*, Santiago Fortu o Llorens, Tom s Mart nez Romero, coords., Castell  de la Plana, Publicacions de l’Universitat Jaume I, 1999, p xs. 471-487, vol. III. Tam n a cantiga 25,102 est  relacionada con este campo, aludindo ao medo da amiga a acudir ao encontro amoroso polo *sanhudo*, *esquivo* ou *irado*, isto  , o marido.

El mi jurou que se non cuidava  
que *end' ouvess' eu atan gran pesar*,  
ca, se non, fora ben quanto se matar,  
e, *quand' el viu que mi lh' assanhava*,  
chorou tan muit' e tan de coraçon  
que chorei eu con doo del enton  
(Fernan Gonçalves de Seabra, 44,7,  
III)

*Gran pesar lhi farei*, non vistes maior,  
por que non guardou min nen o meu amor  
e en filhar sanha ouve gran sabor,  
e non mho rogedes, ca o non farei,  
atá que el sença ira de senhor,  
*por que s' assanhou, non lhi perdoarei*  
(Gonçal' Eanes do Vinhal, 60,2, III)

o mays que pud' e non ouv' i sabor;  
(Gonçal' Eanes do Vinhal, 60,10, II, III, 1-  
5)

Por que me quer ben de coraçon  
*assanhou-s' el e cuidou-mi a fazer*  
*mui gran pesar*, mais deveades creer  
d' el que s' assanha, se Deus me perdon,  
*se soubess' el quan pouqu' eu daria*  
*por sa sanha, non s' assanharia.*  
(Roi Queimado, 148,15, III)

Finalmente, temos tamén unha cantiga moi particular, onde a doncela ten un soño<sup>25</sup> que lle permite experimentar un *gran sabor* que se converte en *gran pesar* ao espertar<sup>26</sup>:

Deus, que leda que m' esta noyte vy,  
amiga, en hun sonho que sonhey!  
Ca sonhava, en como vos direy,  
que me dizia meu amig' assy:  
"Falade mig', ay meu lum' e meu ben!"

Des que m' espertey *ouvi gram pesar*,  
ca em tal sonho avia gram sabor  
com o rogar-me, por Nostro Senhor,  
o que me sabe, mais que sy, amar:  
"Falade mig', ay meu lum' e meu ben!"  
(Johan Mendiz de Briteiros, 73,2, I e  
III)

## CANTIGAS DE ESCARNIO

Contamos somente con seis textos deste xénero nos que figura o *gran pesar*, dos que só catro son propiamente satíricos<sup>27</sup>, e ademais dúas tensós<sup>28</sup>. Na

<sup>25</sup> Para unha rápida revisión do motivo do soño na lírica occitana e galego-portuguesa ver Mercedes Regueiro-Diehl, "Les traces du "Rêve d'amour" provençal dans la poésie médiévale galicienne", *Provinces, régions, terroirs au Moyen Âge – de la réalité à l'imaginaire. Actes du colloque international des rencontres européennes de Strasbourg. Strasbourg, 19-21 septembre 1991*, Bernard Guidot, coord., Nancy, Presses Universitaires de Nancy, 1993, páxs. 197-211.

<sup>26</sup> Mercedes Brea, "La nuit chez les troubadours galego-portugais", *Revue de Langues Romanes*, CX, 2, 2006, páxs. 363-377, afirma na pág. 367: "Dans ce cas (qu'on peut difficilement comparer à un autre, car il n'est pas habituel que la lyrique nous offre des exemples où l'on obtient en rêve la jouissance amoureuse, et moins encore qu'on reproduise les mots prononcés par les protagonistes du songe), la douleur se produit au réveil, ainsi que le rappelle le troubadour lui-même dans une autre pièce (copiée à la suite de celle-ci dans les chansonniers) où l'amie regrette que "non á verdade / en sonh[o]": "rien n'est pas vrai dans un rêve" (73,5, I, vv. 1-2), parce que, en dépit de ses désirs et de ses prières, l'ami n'est pas venu à la rencontre de la dame".

<sup>27</sup> Como di Giuseppe Tavani, *A poesia lírica galego-portuguesa*, Galaxia, Vigo, 1986, pág. 171, a crítica moderna define o xénero *escarnho e maldizer* por oposición, incluíndo nel tamén os

primeira (*Abril Pérez, muit’ei eu gran pesar*, 22,2), Bonaval e Abril Pérez polemizan sobre cal dos dous trobadores sofre máis de amor, mentres na segunda (*Don Garcia Martijz, saber*, 120,9), Pero da Ponte polemiza sobre a maneira de comunicar á dama que se distanciará sen causarlle un *gran pesar*.

Dentro dos textos satíricos, temos un exemplo de escarnio de amor<sup>29</sup> (116,20, *Non sey no mundo outro omen tan coyado*), no que Pedr’Amigo de Sevilla critica unha dama que non está disposta a aceptar o seu amor se non lle dá cartos a cambio, o que lle provoca un *gran pesar*:

E vej’ aqui outros, eu desenparado,  
 que an seu ben, que sempr’ eu desegey,  
 por senhos soldus, e *gran pessar ey*,  
 por quanto dizen que é mal mercado;  
 ca se eu podesse mercar asy  
 con esta dona, que eu por meu mal vi,  
 logo eu seeria guarid’ e cobrado  
 de quant’ afam por ela ey levado.  
 (III e fiinda)

Contamos cun só exemplo de escarnio de amigo<sup>30</sup>, nunha cantiga de Johan Garcia de Guilhade (70,24, *Fez meu amigo gran pesar a mi*), na que a moza perdoa o mal que lle causa o seu amigo a petición das súas amigas, aínda que con resalvas:

---

textos non paródicos que non se inclúen nos xéneros de *amor* e *amigo*, a modo de caixón de saстре.

<sup>28</sup> Ver Giulia Lanciani, “Per una tipologia della tenzone galego-portoghese”, *Medioevo y Literatura. Actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Granada, 27 septiembre – 1 octubre 1993)*, I, Juan Paredes, coord., Granada, Universidad de Granada, 1995, páxs. 117-130.

<sup>29</sup> Para unha definición do subxénero, ver Santiago Gutiérrez García, “A parodia de xéneros a través do léxico do sufrimento nos escarnios de amor galegoportugueses”, *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois: actas do Congreso celebrado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*, Mercedes Brea, coord., Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004, páxs. 577-593 e Maria do Socorro de Oliveira Brandão, *Escárnios de amor: do texto ao contratexto na lírica galego-portuguesa*, Santiago de Compostela, 2006 (tese inédita).

<sup>30</sup> Ver Mercedes Brea, Pilar Lorenzo Gradín, *A cantiga de amigo*, Vigo, Xerais, 1998, páxs. 253-256 e Maria do Socorro de Oliveira Brandão, “Johan Garcia de Guilhade e os posibles escárnios de amigo na lírica galego-portuguesa”, *Da Galiza ao Timor: a lusofonia em foco – Actas do VIII Congresso da Associação Internacional de Lusitanistas, Santiago de Compostela, 18 a 23 de Julho de 2005*, II, Carmen Villarino Pardo, Elías J. Torres Feijó, José Luís Rodríguez, coords., Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da USC, páxs. 1231-1242.

Fez meu amigo *gran pesar* a mi,  
e, pero m' el fez tamanho pesar,  
fezestes me lh', amigas, perdoar,  
e chegou oj', e dixi lh' eu assi:  
"Vüide ja, ca ja vos perdoei,  
mais pero nunca vos ja ben quereí"  
(70,24, I)

Os tres últimos textos satíricos son clasificados pola crítica como escarnios persoais, isto é, críticas a individuos concretos, pero que nalgún momento poden usar os elementos caracterizantes da *fin'amors* a modo de burla, como o mesmo Pedr'Amigo de Sevilha ao declarar o seu *pesar* por un trobador que gastou todo o que tiña por intentar ver unha dama que está guardada:

Don Estevam, oi por vós dizer  
d' unha molher que queredes gran ben,  
que é guardada, que per nulha ren  
non a podedes, amigo, veer;  
e al oy, de que *ey gram pesar*,  
que quant' ouvestes, todo, no logar  
hu ela é, fostes hy despende.  
(116,8, I)

Ou neste outro texto de Johan Airas (63,28, *Don Pero Nunez era entorvado*, III), no que un corvo<sup>31</sup> lle impide ao namorado aproximarse á casa da amada, funcionando como un *lauzengier* bastante particular:

E tornou-se contra seu gasalhado  
e diz: "Amiga, *muit' ei gran pesar*,  
ca me non posso de dano guardar  
d' este corvo, que vejo tan chegado  
a vossa casa, pois filha perfia  
e corvej' aqui sempr' o máis do dia,  
e diz: -De noute seras trasfumado".

Tamén Pero Garcia Burgalês (125,30, *Nunca Deus quis nulha cousa gram ben*) fai unha crítica a Deus<sup>32</sup>, que lle causou un *gran pesar* por provocar a morte da súa *senhor*:

<sup>31</sup> José Luis Rodríguez, *El cancionero de Joan Airas de Santiago – edición y estudio*, Anexo 12 de *Verba*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicaciones, 1980, páx. 295, propón a lectura de *corvo* como home, xogo metafórico moi frecuente nas cantigas de escarnio do autor, como en 63,75 e 63,50.

<sup>32</sup> Para os textos que fan críticas a Deus na lírica galego-portuguesa, ver Gérard Gouiran, "Os meum replebo increpationalibus (Job, XXIII, 4). Comment parler à Dieu sans prier, ou la contestation contre Dieu dans les lyriques occitane et galaïco-portugaise", *Actas do congreso O cantar dos trobadores*, Mercedes Brea, coord., Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1993, páxs. 77-98, e Carlos Paulo Martínez Pereiro, "A deriva heterodoxa (das cantigas de amor aos sirventeses contra Deus)", *A lingua das cantigas – Congreso da lingua medieval galego-*



Nunca Deus quis nulha cousa gram ben,  
 nen do coytado nunca se doeu,  
 [...]  
 Aynda vus del direy outra ren:  
 poys quanto ben avya me tolheu  
 e quant’ el sempre no mund’ entendeu  
 de que *eu muy gran pesar prenderia*,  
 per bõa fe, daly mh o fez prender,  
 por esto non quer’ eu por el tẽer,  
 e quanto por el crive fiz folia.  
 (I, 1-2 e III)

## CONCLUSIÓN

Despois da exhaustiva exposición dos usos de *gran pesar* na lírica profana galego-portuguesa, podemos afirmar que este constitúe un sintagma moi recorrente. O seu emprego dentro da construción poética dos textos destaca polos xogos de amplificación ou contraste que establece con sintagmas do mesmo campo semántico ou de campos opostos, como vemos nos exemplos que se guen:

Senhor, *o gran mal e o gran pesar*  
*e a gran coita e o grand’ affan*  
 -pois que vus vos non doedes de mi,-  
 que por vos soffro, morte m’ é, de pran,  
 e morte m’ é de m’ end’ assi queixar!  
 Tan grave día, senhor, que vus vi!  
 (Johan Soarez Coelho, 79,49, I)

*De gram coyta faz gram lezer*  
 Deus, per quant’ eu entend’ e ssey,  
*e de gram pesar gram prazer*,  
 e direy-vos por que o sey,  
 ca vi mha senhor d’ aquend’ ir  
 e ora vejo-a viir.  
 (Roy Fernandiz, 143,3, I)

Dita expresión existe xa na literatura occitana<sup>33</sup> e aparece tamén na literatura hispánica en prosa<sup>34</sup>, pero vemos que o seu uso vai en aumento ao longo da evolución cronolóxica da lírica galego-portuguesa, visto que contamos

*portuguesa na rede* [<http://vello.vieiros.com/galego.org/linguadascantigas/relatorios/cpaulo.html>] [06/10/2009].

<sup>33</sup> Atopamos cinco referencias na lírica occitana, nas cansós de Guilhem de Bergueda: “no deu pesar” (PC 210: 8a) e “no us deu pesar” (PC 210: 11), Gaucelm Faidit: “ni cors pesar ni cujar ni saber” (PC 167: 028), Bernart de Ventadorn: “mo bel pesar non val” (PC 70: 41) e Raimabut de Vaqueiras: “non ai’ autre pesar” (PC 392: 3), ademais dunha ocorrencia en prosa, no *Poeme de la guerre de Navarre*. Ver *Concordances de l’occitan médiéval, COM2. Les Troubadours. Les textes narratifs en vers*, P. T Ricketts, Alan Reed, coords., Turnhout, Brepols, 2005.

<sup>34</sup> Tanto no *Cantar de Mio Cid*, anterior, como en textos posteriores como a *Cronica Troyana*, a *Demanda do Santo Graal* ou a *Cronica Geral de 1344*. Agradezo a Gimena Del Río Riande pola indicación dos exemplos desta nota e da anterior.

cun número reducido de casos na segunda xeración trobadoresca<sup>35</sup> (sete cantigas de amor, unha de amigo e unha tensó, compostas por seis autores distintos<sup>36</sup>), que aumentará progresivamente nas xeracións sucesivas e incluso perdurará na lírica posterior, tanto portuguesa como castelá.

Destaca tamén a diversidade de rexistros nos que se emprega a mesma, moito máis amplo no caso das cantigas de amor que nas cantigas de amigo, xa que nesta última recupéranse varios temas relacionados coa *fin'amors* presentes na primeira a través da óptica dunha personaxe distinta, aparte de desenvolver outros temas exclusivos de este xénero, como o diálogo da amiga con outros personaxes femininos.

Como podemos comprobar, a familia léxica de *pesar* ten unha importancia primordial no campo léxico do sufrimento amoroso da lírica profana galego-portuguesa, ao lado de outros termos como *mal*, *coita*, *morte*, *pavor*, *afan*, *suffer*, *pãa*, *chorar*, e outros. A través da análise dunha selección de casos representativos (como son as ocorrencias de *gran pesar* dentro da súa familia léxica), pretendemos exemplificar a diversidade de usos do termo en cuestión para mellor comprender a fenomenoloxía da coita amorosa da nosa poesía cortesá medieval.

---

<sup>35</sup> Usamos como referencia a división cronolóxica empregada em *MedDB*, que pola súa vez usa a proposta de António Resende de Oliveira a partir da súa última revisión, disponible en *O trovador galego-português e o seu mundo*, Lisboa, Notícias, 2001.

<sup>36</sup> Cantigas de amor 43,5; 43,20; 47,14; 115,3; 115,7; 151,7 e 151,13; de amigo, 151,7 e a tensó 22,2.